

Ledicia Costas: "Hai vagalumes por toda a novela, incluso nas escenas más radicais"

A última novela de Ledicia Costas abre a porta a unha nova dimensión de fantasía e escuridade, bebe da infancia da autora e nela abrollan cuestións como a violencia ou a maternidade. "Quería facer un libro que prendese", di. 'Pel de cordeiro' faino. Coma o lume. "Pódese ler pola noite, pero pode provocar algún pesadelo", advirte coa súa voz doce

[María Varela](#) 23 de maio de 2024

<https://www.diariodepontevedra.es/gl/articulo/pontevedra/hai-vagalumes-toda-novela-incluso-nas-escenas-mas-radicaais/202405230906081305623.html>

'Pel de cordeiro' chega nun momento de dó para Ledicia Costas (Vigo, 1979) , que permaneceu recluída nos últimos meses logo de sufrir unha perda moi importante na súa vida. Que tal se atopa?

Estiven metida na casa, concentrada na literatura. Se a literatura salva, sen dúbida, este é o exemplo. Xestionar a ausencia é complicado, sobre todo cando é algo inesperado e tan salvaxe. Digamos que os libros son unha táboa de salvación. Eu levo meses na miña guarida, como na escuridade, e esta historia é unha lumieira, que deixa pasar algo de luz.

Di que vén de abrir a porta, literariamente falando, ao lado escuro. Isto xa estaba en proceso ou é froito dunha situación persoal?

A porta ao lado escuro xa a abría desde o principio cos meus libros infantís e xuvenís, pero non o fixera aínda na miña obra para público adulto. Mentres escribía esta novela sentín que, en realidade, todo o camiño que transitei nos meus case 25 anos de carreira literaria era un sendeiro ata chegar ata aquí, que é onde estou cómoda; co escuro, co que ten que ver co outro lado, co gótico, coa fantasía... Levo escribindo da morte toda a vida. Parece case case que se solapa a vida literaria coa vida real. Iso está sucedendo.

Temos entre mans unha novela "escura e radical, pero con sementes de luz", segundo as súas propias palabras. Como naceu esta obra que a remonta á infancia?

Esta novela lévame ata o Bar Remanso, que estaba preto da miña casa, e que estaba rexentado por unha bruxa que pasaba consulta mentres atendía aos clientes. Na trastenda falaban de males do aire, de envexas, de espíritos que tiñan dentro e de todas as intimidades e clases de problemáticas. Sobre todo eran mulleres as que acudían. Esta novela está atravesada de diante atrás pola bruxería, por eses talentos que tiñan moitas mulleres de curar e polo feito de que hai moitas persoas que a día de hoxe seguen acudindo a consultas de bruxas para pedir consellos,

axuda... e non sei se sempre atopan respostas. É un tema que me preocupa moito. Elas chegaban berrando, A miña avoa dicía: "Teñen o espírito dentro", e o camiño de volta, despois de estar coa bruxa, ían tranquilas. A bruxa algo facía que lles devolvía a calma. Esta novela representa pois ese tránsito que é unha constante na miña constelación literaria, é parte da miña vida, coma se de súpeto se solapasen vida e literatura.

Algunha vez, falando de 'Escarlatina' ou de 'Infamia', contaba como cando era nena ía co seu avó ao cemiterio e canto lle fascinaba todo o que vía alí: as flores que non se podían coller, os nomes divertidos nas lápidas... Este libro abre de novo á porta ao escuro pero xa cunha visión de adultos.

Primeiro, creo que é unha novela fatalista e escura, pero que hai fendas por onde entran raios de luz. Hai vagalumes por toda a novela, mesmo nas escenas máis radicais, para que o público tamén se poida sentir a gusto. Faime moita graza que hai xente que me escribe para dicir: "Como non avisaches de que esta novela non se pode ler pola noite?". Si se pode ler pola noite, pero tamén pode provocar algún pesadelo. Hai ese tipo de libros que agarras e non os podes soltar, que queres ler aínda que sexa cinco minutos porque te atrapa. Iso é o que intento eu conseguir cando escribo, que a xente se meta dentro da historia, iso é o que eu busco provocar.

Catarina e Lola son dúas mulleres que pertencen a dúas épocas diferentes. Que teñen en común ambas as dúas protagonistas?

As dúas atravesan un momento de crise. Lola atravesa un momento de crise persoal e Catarina tamén está nun punto de inflexión da súa vida, nun contexto de fame e de miseria. As dúas rebélanse porque non están conformes co camiño que parece que teñen que seguir. Rebélanse cada unha dentro das súas posibilidades. Para Catarina rebelarse ten unhas consecuencias terribles, porque está nun momento no que se unha muller se rebela pode implicar ser sometida a un martirio, ser exiliada... Para Lola rebelarse é máis sinxelo, pero tamén ten unha serie de consecuencias que ela está pagando. Ademais, tamén teñen en común que as dúas se cruzan co sobrenatural. Unha asúmeo con naturalidade porque foi criada niso e a outra é unha muller escéptica, completamente racional que non o acepta.

Catarina, unha das protagonistas, é unha bruxa da época da Inquisición na que milleiros de mulleres foron exiliadas, maltratadas ou queimadas na fogueira. É unha maneira de voltar a ollada a todas aquelas mulleres?

Si! É que perdemos iso, cantas veces vemos nas manifestacións a mulleres que alzan pancartas que poñen: "Somos as netas das bruxas que non conseguistes queimar". Esa frase é poderosísima, únenos entre os séculos e ponnos en contexto. Nós herdamos unha serie de violencias, algunhas están superadas e outras non. Creo que é importante falar diso. Logo é verdade que cando trato certos temas nas novelas non o fago dunha maneira premeditada, saen como unha fervenza porque o subconsciente está aí facendo o seu traballo e porque son unha muller implicada coa sociedade na que vivo e que me cuestiono o mundo en que vivo, por iso as protagonistas dos meus libros tamén o fan.

Na segunda parte do libro, Lola enfróntase a unha serie de dilemas de hoxe, malia que tamén a maxia está presente. Fala de maternidade, dunha ruptura...

Lola é unha muller que está pasando un proceso de crise persoal co que moitas persoas tamén se poden sentir identificadas. Ten dúbidas sobre a maternidade, sobre a súa propia parella... pero non dá o paso de romper, non se atreve, non sabe como facelo. Está instalada nun tipo de

vida que non é o que quere ter, conformándose. Creo que hai moitas persoas na actualidade que están autocondenándose a esa amargura e que escollen o non atreverse a dar o paso. Aí está ese reto que lanza esa novela, ese desafío que di: En serio, hai que conformarse coa amargura? Ou hai que ser valente? Ás veces hai que ser inconformista porque a vida, a vida boa, son catro días. Hai que aspirar a ser o máis feliz que se poida ser.

Que supón esta novela para a traxectoria de Leticia Costas? É un punto de inflexión?

Si, absolutamente. Esta novela é un punto de inflexión que vai marcar o meu traballo de agora en diante. Agora que abrín a porta a este lado escuro, a esta fantasía que se entrelaza coa realidade, coa tradición galega tan presente, dunha maneira tan profunda, creo que xa non hai volta atrás.

Sinatura en Aquelarre

Acompañan á novela uns atados máxicos cunha figa, pólas de ruda e sete nós... que veñen da colaboración coa tenda esotérica de Pontevedra **Aquelarre**, onde onte decenas de lectores fixeron cola para que Leticia Costas lles asinase o seu libro. "Foi unha idea extraordinaria de **Sara Vila**, responsable das promocións de Xerais. Nada menos que poñerse en contacto cunha bruxa para que o adianto editorial fose acompañado de elementos máxicos que a protexen. Creou unha expectación total e foi un éxito", conta a autora.

"Ademais, **María Diz** abriunos as portas do seu Aquelarre. A literatura ten a capacidade de adaptase ao medio. Por que non facer algo diferente como unha sinatura nunha tenda esotérica? Foi unha marabilla", concluíu.